

Víctima del trabajo, un cadro de Jenaro Carrero

Entre o importante conxunto de obras conservadas hoxe no Museo de Pontevedra de Jenaro Carrero Fernández (1874-1902), o máis novo dos integrantes da mítica *Xeración Doente*, destaca especialmente *Víctima del trabajo*¹, cadro de gran formato e contido social, que o artista presentou á Exposición Nacional de 1899 e co que obtivo Segunda Medalla na sección de Pintura de Historia e de Xénero.



Jenaro Carrero, nado en Noia (A Coruña) no seo dunha familia burguesa e liberal, inicia os seus estudos na Sociedad Económica de Santiago en 1889 onde, como alumno predilecto do valenciano José M^a Fenollera, se forma no dominio do debuxo, o naturalismo, a sobriedade cromática e as buscas lumínicas do seu mestre. En 1895 obtén unha Mención Honorífica cunha obra costumista, *Los cantores de la Catedral*, premio que lle supón, a petición da Sociedad Económica, unha pensión do Concello de Santiago de Compostela que lle permite proseguir a súa formación en Madrid. Alí, seguindo seguramente o consello do seu profesor, asiste ó taller de Joaquín Sorolla, o artista máis destacado do momento, que en pleno período de consolidación e inmerso na seu constante estudo dos efectos da luz, traballa

¹ Óleo/lenzo, 300 x 397 cm. Firmado e datado, *J. Carrero/Madrid*1899, no ángulo inferior dereito. Depósito do Museo Nacional del Prado (P-7796 do Inventario do Museo Nacional del Prado; N° Rex. 17.146 do Museo de Pontevedra).

entón en retratos, escenas de costumes e obras de contido social, linguaxes que rapidamente serán asumidos polo discípulo.

O Realismo Social coa súa carga melodramática triunfaba nas Exposicións Nacionais desde 1890, desprazando dos primeiros premios o tema de historia. Tratábase dunha pintura baseada en asuntos cotiás e anecdóticos de carácter social que, coma o Naturalismo en literatura, buscaba conmover o espectador amosando as súas miserias, as súas lacras e os seus vicios. Carrero, consciente de que este emotivo xénero lle pode abrir portas na súa carreira, opta por el nas súas participacións nas nacionais. Cunha obra desta temática, *Caridad cristiana*, cuxo bosquejo conserva tamén o Museo de Pontevedra², obtivera en 1897 unha nova Mención Honorífica, e a ela volve a recorrer en *Víctima del trabajo*, unha das tres obras que presenta á Exposición Nacional de 1899³.

En *Víctima del trabajo* Carrero reproduce o drama dun accidente obreiro, tema co que aborda a caridade, a medicina e o socorro asistencial, asunto de moda co que o artista pretende alcanzar o ansiado éxito oficial e académico. Sitúa a escena na Praza do Obradoiro de Santiago, a onde chega trasladado nun carro de vacas, ó atardecer e baixo unha fina e pertinaz choiva, un ferido nun accidente laboral, acontecemento que esperta a curiosidade dun numeroso grupo de aldeáns. Homes, mulleres e algún cativo, que debaixo dos seus paraugas se achegan ó carro para ver o inerte accidentado ó que, ás portas do Hospital Real, espera xa unha monxa con gran touca alada, unha das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, as enfermeiras de pobres que prestaban os seus servizos no centro hospitalario.

A obra de coidada composición, revela como o novo pintor, baixo a influencia de Sorolla, ganou en soltura de pincelada, enriqueceu a súa paleta, medida e equilibrada entre tons fríos e cálidos, e centrado o seu interese nos efectos lumínicos da pintura. Nela, a pesar do carácter dramático do asunto, anunciado xa no título do cadro, Carrero reflicte a mísera realidade desde unha vertente amable e cunha expresividade contida. Lonxe de connotacións críticas ou violentas, presenta ó espectador unicamente os pés do obreiro ferido, evitando así mostrar os aspectos desagradables do episodio, asumindo a visión máis benévola do realismo social que, próxima ó costumismo, era a máis apreciada pola crítica e a burguesía dominante, así como a máis valorada polos xurados dos certames oficiais.

²Acuarela/papel, 20,5 x 15,5 cm. Museo de Pontevedra. Depósito da Deputación Provincial de Pontevedra (Nº Rex. 10.450).

³*La Época*, Madrid, 8 de maio de 1899, páx. 1; *El Imparcial*, Madrid, 8 de maio de 1899, páx. 2; *El Siglo Futuro*, Madrid, 9 de maio de 1899, páx. 2.

O Museo de Pontevedra conserva tamén o bosquejo preparatorio do cadro⁴, un estudo de composición que, con cromatismo máis sobrio e factura rápida e desenvolta, presenta con respecto á obra final lixeiras variacións en canto á disposición e actitudes das figuras, aquí máis sobrecargadas no centro e cos rostros a penas esbozados, e no que prescinde da monxa do último termo, un personaxe habitual no subxénero da pintura hospitalaria, que tamén fora protagonista de *Caridad cristiana* en 1897, e que finalmente decide incluír na versión definitiva.



Víctima del trabajo, que era o lenzo de maiores dimensións da exposición, sería moi eloxiado pola crítica⁵. Os comentarios favorables á obra, que o artista pintara en a penas mes e medio⁶, son xerais na prensa da época xa que reúne todas as condicións que se valoraban neste tipo de obras:

El cuadro se ve que está pensado maduradamente, estudiado con afán y realizado con una factura libre y desembarazada, que hace el conjunto sólido y simpático a la vez. El asunto es sencillo: una carreta que trae un hombre herido o enfermo hasta la ancha puerta del Hospital

⁴Óleo/lenzo, 61 x 93'5 cm. Museo de Pontevedra. Depósito da Deputación Provincial de Pontevedra (Nº Rex. 10.348). A obra, sen firma, procede da colección de Pepita Carrero Fernández, filla do pintor.

⁵ Balsa de la Vega, R.: “La Exposición Nacional de Bellas Artes III”, *El Liberal*, Madrid, 11 de maio de 1899, p. 1; Florido: “Exposición Nacional de Bellas Artes de 1899”, *La Dinastía*, Barcelona, 21 de maio de 1899, p. 2; Saint-Aubin: “Exposición Nacional de Bellas Artes”, *El Heraldo de Madrid*, Madrid, 16 de maio de 1899, p. 1.

⁶ *Revista de Bellas Artes*, Madrid, 14 de xullo de 1899.

*de Santiago, una mujer piadosa que en la estrechez del carro cuida de dar posible comodidad al herido, unas cuantas personas que le contemplaban con viva expresión de interés y de lástima, un chiquillo que sólo se ocupa en la yunta que guía, y la menuda y tenacísima lluvia santiaguesa llorando sobre aquel vulgar infortunio, que viene a buscar alivio en la suntuosa casa que la piedad y la ciencia han deparado al pobre(...) Es, pues, la enunciación de un drama vulgarísimo, más bien adivinado que visto por el espectador, pero pintado con gran fuerza de verdad, extremadamente rico y jugoso de color, razonado, bien compuesto y bien sentido, y realizado sobre una gran tela, en la que las figuras son de tamaño natural. La crítica habla con elogio de este lienzo, el público gusta de él y los aficionados lo discuten, prueba irrefutable de su importancia (...)*⁷.



Con tan só vinte e cinco anos Jenaro Carrero, que conta co decidido apoio do seu mecenas Eugenio Montero Ríos, alcanzará con *Víctima del trabajo*, por unanimidade dos votos do xurado, unha Segunda Medalla na Nacional de 1899⁸, unha edición na que a temática social acaparou a maioría dos premios, entre eles as dúas Primeiras Medallas que obteñen Luis Menéndez Pidal con *Salus infirmorum* e Ignacio Pinazo con *Lección de memoria*, e na que non faltaron algunhas críticas sobre a suposta parcialidade o benevolencia na concesión dos

⁷RIBALTA, A., "Los Pintores Gallegos en la Exposición de Bellas Artes", artigo publicado en *La Voz de Galicia* reproducido en *El Eco de Galicia*, nº 883, La Habana, 10 de xuño de 1899, p. 2, e *La Gaceta de Galicia*, Santiago, 4 de xuño de 1902.

⁸*El Áncora*, Pontevedra, nº 543, 19 de maio de 1899, p. 3; nº 582, 6 de xullo de 1899, p. 3; *Diario Oficial de Avisos de Madrid*, nº 148, Madrid, 29 de maio de 1899, p. 2; *La Correspondencia de España*, Madrid, 19 de maio de 1899, p. 1; *El Día*, Madrid, 19 de maio de 1899, p. 1; *El Heraldo de Madrid*, Madrid, 19 de maio de 1899, p. 1; *El Imparcial*, Madrid, 19 de maio de 1899, p. 1; *La Época*, Madrid, 18 de maio de 1899, p. 2; *Nuevo Mundo*, Madrid, 7 de xuño de 1899; *El País*, Madrid, 20 de maio de 1899, p. 3; *Gaceta de Instrucción Pública*, Madrid, 30 de maio de 1899, p. 150; *Revista de Bellas Artes*, Madrid, 14 de xullo de 1899.

galardóns⁹. A relación do pintor con Montero Ríos, que o ano anterior lle procurara un posto de restaurador interino no Museo del Prado, para o que pintara algunhas obras na súa propiedade pontevedresa de Lourizán e ó que o pintor dedica *Maja*, outra das obras expostas no mesmo certame¹⁰, provocará tamén, recente a dolorosa firma do Tratado de París tralo desastre colonial do 98, algunha aceda crítica á obra de Carrero nalgún periódico madrileño agora enfrontado co político¹¹.

O recoñecemento oficial que supuxo o premio supoñerá para o artista certa relevancia social entre personaxes galegos ben relacionados na alta sociedade madrileña a través dos que comeza a recibir encargos que lle permiten algo de desafogo para a súa sempre maltreita economía. Empeza entón unha etapa que auguraba unha prometedora evolución pero que quedaría definitivamente truncada en 1902, cando a tuberculose acaba coa súa vida.



Víctima del trabajo, que figuraba co nº 157 do catálogo da exposición¹², premiado co diploma e a medalla que se conservan tamén no Museo de Pontevedra, foi adquirido polo Estado, por Real Orde de xuño de 1899 e con destino ó Museo de Arte Moderno, pola cantidade de 2.500 pesetas. Integrado orixinalmente neste Museo co nº inv. C-22, en 1900 figuraba no catálogo provisional do mesmo co nº 65. En 1905, por Real Orde de 7 de xuño, determinouse o seu depósito na Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, onde parece que non chegou a ingresar, como tampouco na Sociedad Económica Matritense,

⁹ CÁNOVAS Y VALLEJO, A.: “Exposición Nacional de Bellas Artes”, *La Época*, Madrid, 28 de maio de 1899, p. 1.

¹⁰ RIBALTA, A., op. cit.

¹¹ *El Día*, Madrid, 31 de maio de 1899, p. 1.

¹² *Exposición Nacional de Bellas Artes de 1899*. Madrid, nº 157.

lugar que tamén aparecía como situación da obra nos antigos ficheiros do Museo madrileño. Despois, durante décadas, permaneceu en paradiro descoñecido e, xa en 1970, o Museo del Prado constataba a súa desaparición¹³. Posteriormente, aunque nun lamentable estado de conservación, foi localizado en 2001.

O 18 de xuño de 2002, con motivo da exposición antolóxica dedicada a Jenaro Carrero polo Museo de Pontevedra¹⁴, a obra ingresou no Museo en depósito temporal do Museo Nacional del Prado. Naquela mostra exhibiuse en pleno proceso de restauración, unha laboriosa intervención que foi realizada, baixo a supervisión e criterios do Museo del Prado, por Ricardo Ferreiro Silva e Sonia Briones Vázquez, restauradores do Museo de Pontevedra.



O cadro ingresou dobrado, sen bastidor nin marco, y pronto se fixo evidente que en data indeterminada, durante o período no que permaneceu desaparecido, o lenzo fora cortado nos seus bordos laterais e no inferior, o que indubidablemente resta profundidade á composición. Así, tal vez, para axustar as súas dimensións a algún dos lugares nos que se exhibiu, a obra, que orixinalmente medía 317 x 400 cm, foi recortada ata os 300 x 397 cm que mide actualmente. A través dalgunhas fotografías de época, datadas o 12 de maio de 1899 e dedicadas de puño e letra por Jenaro Carrero á súa nai e irmáns, que tamén se conservan actualmente no Arquivo do Museo de Pontevedra, e cuxa copia foi reproducida asemade no verán dese ano por algunhas revistas madrileñas¹⁵, sabemos que o recorte foi

¹³ Carta de Joaquín de la Puente, Subdirector do Museo del Prado, á familia do pintor. Madrid, 21 de xuño de 1977. (Arquivo do Museo de Pontevedra).

¹⁴ *Jenaro Carrero Fernández (1874-1902)*. Museo de Pontevedra, do 22 de novembro ó 22 de decembro de 2002.

¹⁵ *Álbum Iberoamericano*, Nº 27, Madrid, 22 de xullo de 1899, p. 315; *Nuevo Mundo*, Madrid, 7 de xuño de 1899.

especialmente agresivo no extremo esquerdo do lenzo no que desapareceu practicamente unha figura completa, a dun home de costas que baixo o paraugas contemplaba a escena, así como no inferior, no que desapareceron os pés e parte das pernas do cativo situado en primeiro termo.

En depósito do Museo Nacional del Prado desde o 24 de maio de 2007, *Víctima del trabajo* exhibese desde 2013 no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra.

M^a Ángeles Tilve Jar

Conservadora

BIBLIOGRAFÍA:

CARBALLO CALERO, M^a V.: "Galicia: Regionalismo, Nacionalismo y nuevos lenguajes", *Centro y Periferia en la Modernización de la pintura española (1880-1918)*. Madrid, Ministerio de Cultura, 1993, pp. 316, 329, 343, nº 118.

COUSELO BOUZAS, J., *La pintura gallega*. La Coruña, 1950, pp.83-88.

BERNARDINO DE PANTORBA (Pseudónimo de LÓPEZ JIMÉNEZ, J.), *Historia y Crítica de las Exposiciones Nacionales de Bellas Artes. Celebradas en España*. Madrid, 1980, pp.168-171, 386.

FABEIRO GÓMEZ, M., "El pintor Jenaro Carrero Fernández", *Generación Doliente*, Catálogo de exposición, A Coruña, 1977, pp. 13-14, 56, nº 43.

FILGUEIRA VALVERDE, J., "La pintura gallega desde el Barroco a la posguerra". *Galicia Eterna 5*. Barcelona 1981, p. 1.098.

GUTIÉRREZ BURÓN, J.: *Exposiciones Nacionales de Pintura en España en el siglo XIX*, tomo II, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 1987, pp. 1073, 1133, 1177.

MON, F.: "Jenaro Carrero", *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 5, Santiago, 1974, pp. 121-122.

LÓPEZ VÁZQUEZ, J.M.: "El Neoclasicismo y el siglo XIX", *Enciclopedia Temática de Galicia. Arte*, tomo 5, Santiago, 1988, p. 149.

LÓPEZ VÁZQUEZ, José Manuel B.: "Entre la recuperación del pasado y la utopía del progreso: El Arte en los dos últimos tercios del Siglo XIX", *Galicia: Arte*. Tomo XV, pp. 183-184.

ORTEGA ROMERO, M^a S.: "Jenaro Carrero: Uno de los pintores gallegos de la Generación Doliente", *Actas del II Congreso Español de Historia del Arte*. Valladolid, 1978, pp. 225-226, 228

ORTEGA ROMERO, M^a S., "Aproximación a la pintura de Jenaro Carrero", *Jenaro Carrero (1874-1902)*. Catálogo de exposición. Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1987.

TILVE JAR, M^a A., “Pontevedra e a arte galega da fin de século” en Catálogo de exposición *Pontevedra 1898. Sociedade, arte e cultura. Fondos do Museo de Pontevedra*. Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1998, pp. 82-83.

TILVE JAR, M^a A., "Jenaro Carrero" en *Artistas Galegos Pintores. Novecentos*, Nova Galicia Edicións, Vigo, 1998, pp. 74-117.

TILVE JAR, M^a A: “De Felipe de Castro a Fernando Álvarez de Sotomayor: unha visión da plástica galega a través dos fondos do Museo de Pontevedra”, *Do Neoclasicismo ao Naturalismo na Arte Galega. Colección do Museo de Pontevedra*. Catálogo de exposición. Pontevedra, Museo de Pontevedra, 2009, pp. 33-55.

VILANOVA, F. M., *A pintura galega (1850-1950)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1998, pp. 130-134.